

No SERGAS: Nin estabilidade nin eliminación da precariedade

O acordo sindical asinado por CCOO, UGT e CSIF e publicado polo goberno do estado no BOE como Real Decreto-Lei 14/2021

A posterior validación no parlamento e publicado como Lei 20/2021, de medidas urxentes para a redución da temporalidade

NON rematan coa temporalidade e a precariedade!

E non rematan coa temporalidade e a precariedade **porque non rematan coa taxa de reposición**. Taxa que impide a recuperación do 100% dos postos de traballo.

O acordo que asinaron recolle unha taxa de reposición do 120%. E **que vai pasar co resto de prazas de anos anteriores que quedaron sen cubrir?**

Estabilidade.

Tras a publicación da Lei 20/2021, de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade, desde CIG-SAÚDE vimos manifestando, reiteradamente, nas reunións do grupo de traballo de temporalidade do Ministerio de Sanidade o seguinte:

- ➔ A Lei recolle, na súa disposición adicional, a convocatoria das **prazas estruturais ocupadas de forma temporal con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2016**. Cun sistema de acceso de **concurso de méritos**, e por unha soa vez.
 - ✓ Desde a CIG-SAÚDE, reiteramos que, para garantir que isto se cumpra, é urxente a creación dun **código identificativo de persoal**, que permita coñecer, con exactitude, o cadro de persoal de cada servizo de saúde.
 - ✓ No ámbito do SERGAS se non temos esta ferramenta, non imos poder comprobar que se convocan todas as prazas e de todas as categorías.

Temporalidade.

No referente á temporalidade a Lei 20/2021 recolle no seu artigo 10.2- Funcionarios interinos, o seguinte:

Transcorridos 3 anos desde o nomeamento do persoal funcionario interino producirase a fin da relación da interinidade, e a vacante só poderá ser ocupada por persoal funcionario de carreira (persoal fixo), salvo que o proceso selectivo quede deserto.

- ➔ Desde CIG-SAÚDE esiximos que, para que isto se cumpra, é urxente:
 - ✓ Ter un **orçamento sanitario** que dea resposta ás necesidades de persoal presentes e de futuro, e que tamén permita a consolidación das novas prazas.
 - ✓ Un **cadro de persoal** estable, dimensionado en función dos ratios establecidos para cada categoría profesional.
 - ✓ A **eliminación da taxa de reposición**, a recuperación dos postos de traballo perdidos pola taxa de reposición.
 - ✓ A **convocatoria de ofertas de emprego por categorías**, na que se convocarían as prazas correspondentes a cada categoría.

Desde CIG-SAÚDE preguntamos: que vai pasar se as prazas non se cobren pasados os 3 anos e os servizos de saúde teñen que manter a prestación sanitaria? Vanse incorporar no sistema sanitario empresas privadas para a prestación de servizos sanitarios e aumentar a privatización dos non sanitarios?